CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	- Crea textos con intención literaria. - Recita fragmentos ou poemas escollidos.		
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado, mostrando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	- Participa activamente na clase.	TI	2

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abarcando o ámbito persoal, educativo e social.	- Na corrección dos exercicios e na exposición de conclusións, os alumnos deben expoñer a súa opinión ou rebatir a dos compañeiros dunha maneira dialogada, respectando sempre a diversidade de opinións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e do contido do texto - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas, a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector. - Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora: a construción da biografía lectora. - Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A lectura compartida e a lectura dialóxica. - Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais (booktrailers) para o fomento da lectura. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, debates ou emisión razoada das opinións persoais, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Efectos dos seus recursos expresivos na recepción. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias; en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de parentescos literarios. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura. - Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino. - Procesos de indagación ao redor das obras lidas que promovan o interese por construír a interpretación destas e establecer conexións entre textos.

Contidos

- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos, atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

4.1. Concrecións metodolóxicas

A presente Programación didáctica remítese as liñas de actuacións do currículo. As unidades didácticas permitirán o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxetivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación establecidos ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes.

Os principios didácticos que guiarán a acción educativa serán os seguintes:

- A programación terá en conta o nivel de desenvolvemento psicoevolutivo do alumnado e partida deste para afianzar novas aprendizaxes.
 - Realizaranse probas de avaliación inicial para detectar os coñecementos previos do alumnado e partirase deles para que a aprendizaxe sexa significativa.
 - Guiarase ao alumnado na súa propia aprendizaxe, facilitándolle ferramentas para a análise linguística e literaria de maneira crítica e autónoma.
 - A metodoloxía potenciará os hábitos de esforzo e responsabilidade no estudo.
 - Realizaranse actividades que favorezan a aprendizaxe segundo distintos niveis de dificultade, favorecendo a atención á diversidade.
 - As actividades propostas serán variadas e motivadoras.
 - Os contidos relacionaranse coa contorna próxima do alumnado e as súas experiencias na vida cotiá.
 - Favorecerase o traballo en equipo, impulsando as relacións entre iguais que favorecen a aprendizaxe.
 - Farase énfase na participación do alumnado como suxeito activo nas clases.
 - Impulsarase o uso das TIC como fonte documental e instrumento de traballo.
 - Realizaranse proxectos mediante traballo colaborativo que tratarán o contido das unidades didácticas de maneira transversal.
 - Traballarase de maneira interdisciplinar, sobre todo a partir de propostas da área sociolingüística, e usando a biblioteca escolar como recurso. A relación coa biblioteca escolar é continua; tanto polo recurso que supón para a provisión de lecturas e a organización das mesmas en forma de plan, como pola participación nas actividades culturais e de fomento lector que a mesma promove.
- O tratamento dos contidos seguirá as seguintes liñas xerais:
- Para que a aprendizaxe sexa efectiva, os novos coñecementos que se pretende que o alumno constrúa han de apoiarse nos que xa posúe, tratando sempre de relacionalos coa súa propia experiencia e de presentalos, preferentemente, nun contexto de resolución de problemas.
 - Os conceptos abordaranse desde situacións preferiblemente intuitivas e próximas ao alumnado, engadindo paulatinamente elementos de complexidade.
 - A consolidación dos contidos realizarase de forma gradual e cíclica, expondo situacións que permitan abordalos cada vez desde perspectivas máis amplas ou en conexión con novos contidos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo docente.
Escolma de textos variados orais, escritos ou multimodais en diversos formatos ou soportes.
Actividades de reforzo, ampliación e recuperación.

Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construción de novas aprendizaxes.
Recursos e aplicacións informáticas e multimedia.
Materiais de investigación e consulta.
Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, relacionar e consolidar aprendizaxes.

A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Lingua Castelá e Literatura supón, ademais dos materiais teóricos necesarios para o desenvolvemento de cada unidade didáctica, o emprego dunha grande variedade de textos orais, escritos e multimodais procedentes de diversas tipoloxías e situacións comunicativas para a súa análise e comentario.

O achegamento do alumnado á realidade na que vive a través da interpretación textual outorga á materia unha dimensión funcional innegable. Por iso, convén traballar tamén con discursos extraídos dos xéneros xornalísticos, que aproximen aos estudantes á comprensión de temas de actualidade e lles permitan ser críticos co contexto que os rodea.

A escolma de fragmentos e obras de lectura obrigatorias e voluntarias, como obxecto de observación, reflexión e crítica, pretende favorecer o hábito lector do alumnado, partindo de textos próximos aos seus intereses e expectativas para ir achegándoos progresivamente á literatura clásica.

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas competenciais próximas á realidade do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos literarios e non literarios, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

O visionado de material cinematográfico e audiovisual sentará as bases do coloquio posterior e servirá para afondar nos contidos abordados en cada unidade, ademais de propiciar o traballo investigador, grupal e por proxectos proposto nalgunha das unidades didácticas da materia.

O emprego das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación. Neste sentido, recoméndanse, entre outros, os seguintes materiais de consulta:

Diccionario da Real Academia Española: www.rae.es

Diccionario Panhispánico de Dúbidas: www.rae.es/dpd

Medios de comunicación: <https://www.prensaescrita.com/prensadigital.php>

Compilación da obra lírica dos poetas máis relevantes en lingua castelá: www.los-poetas.com

Espazo para a creación poética propia, a confección de libros virtuais, a compilación lírica e o comentario de textos de outros autores: www.poemas-del-alma.com

Ampla colección de audio e videopoemas: www.palabravirtual.com

Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes: <http://cervantesvirtual.com>

Testeando. Xogos de preguntas e respostas de opcións distribuídos por niveis educativos: <https://www.testeando.es/>

Portal de recursos educativos Leer.es: <https://leer.es/>

Prácticas de lectura intensiva e comprensión lectora: <http://www.xtec.cat/~jgenover/complec.htm>

Biblioteca dixital con máis de catro mil títulos de Literatura clásica e contemporánea en castelán: <http://eleo.mecd.gob.es/opac/?locale=es#indice>

Plataforma educativa para traballar a comprensión lectora: <https://www.intralineas.com/>

Materiales de Lengua y Literatura: <http://www.materialesdelengua.org/>

Aula de Letras: http://www.auladeletras.net/Aula_de_Letras/Inicio/Inicio.html

Morderse la lengua: https://cvc.cervantes.es/actcult/morderse_lengua/default.htm

Analizador morfosintáctico do Ministerio de Educación: <https://intef.es/?enlace=1&prev=2>

Ejercicios interactivos para traballar o léxico: <http://www.xtec.cat/~jgenover/lexico.htm>

Actividades interactivas sobre sintaxe: <http://www.xtec.cat/~jgenover/sinta.htm>

Actividades interactivas sobre ortografía, lingua e diversidade: <http://www.xtec.cat/~jgenover/miscel.html>

Páxina web do ITE (Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas: <https://intef.es/recursos-educativos/recursos-para-el-aprendizaje-en-linea/>)

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizarase a principios do curso unha avaliación inicial co fin de coñecer o punto de partida real deste curso. Esta avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras sesións do curso, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumno/a en particular. A proba a realizar poderá incluír a modalidade oral e/o escrita. O contido da devandita valoración estará en relación cos coñecementos adquiridos no nivel anterior, que se lle supoñen ao alumnado. Os aspectos susceptibles da avaliación inicial adaptados poderán ser os seguintes: exercicios de procura de información, comprensión oral e escrita, produción de textos orais e escritos adecuados a un contexto, produción de textos creativos, breves probas de contidos, etc.

En caso de detectar problemas individuais ou colectivos tentarase valorar as necesidades que deberán ser tidas en conta. Para iso, a nivel individual consultarase os informes de cursos pasados de docentes e Orientación sobre problemas como dislexia, dificultades de concentración, de comprensión lectora, etc., que tentarán ser paliados con medidas de reforzo, tanto na aula como fóra dela. Os resultados da avaliación inicial servirán de referencia para a adaptación do currículo ás necesidades do alumnado, de maneira que cada alumno teña un seguimento individual adaptado ás súas características (reforzos, AC, altas capacidades...). A nivel colectivo realizaranse actividades dirixidas a paliar problemas xerais como a mellora das técnicas de lecto-escritura, a elaboración de esquemas, resumos, o razoamento abstracto, sempre dependendo dos resultados da avaliación no grupo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	5	6	5	16	6	6	6	16	6	6
Proba escrita	99	99	100	98	99	95	95	98	95	89
Táboa de indicadores	1	1	0	2	1	5	5	2	5	11

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	6	16	100
Proba escrita	100	98	97
Táboa de indicadores	0	2	3

Criterios de cualificación:

Realizaranse exames (calquera tipo de proba: oral e/o escrita) para analizar e avaliar os contidos dados en cada avaliación. A media dos exames representa o 70% da nota da avaliación.

O 30% restante distribúese da seguinte forma: un 10% correspóndelle ao traballo desenvolvido na aula por parte do alumno, a súa dedicación e esforzo cara á materia; o outro 10% á entrega en prazo das actividades escritas requiridas polo profesorado e á realización de exposicións orais, presentacións, etc. No caso de non poder realizar

ditas actividades por falta de tempo, este 10% pasará a formar parte da porcentaxe das probas escritas. A proba da lectura obrigatoria contará o 10% restante. A cualificación final obtida para superar a materia en cada avaliación e, por tanto, na avaliación final de xuño deberá ser un cinco.

A nota da terceira avaliación e da avaliación final será a que se obterá da media da nota obtida nas probas correspondentes aos contidos específicos da terceira avaliación e as notas da primeira e da segunda avaliación distribuídas do seguinte modo:

Media das notas da 1ª e 2ª avaliación: 50%

Media ponderada da 3ª avaliación: 50% (70% probas orais ou escritas; 10 % traballo desenvolvido na aula por parte do alumno; 10% actividades requeridas polo profesorado, presentacións... e 10% proba de lectura obrigatoria).

Ademais, o alumno que participe de maneira voluntaria en calquera tipo de proxecto que organice o centro (participación en club de lectura, exposicións temáticas, proxectos de investigación) poderá ver incrementada a súa media. Devanditos traballos serán supervisados polo profesor correspondente e serán avaliados de maneira individual, podendo desenvolver os traballos en grupo.

Na corrección de exames e traballos poderase baixar ata un máximo de 1,5 puntos por faltas de ortografía e presentación (1,25 puntos en total por faltas ortográficas; 0,10 por acentos; 0,15 puntos por grafías e 0,25 por presentación).

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non alcanzase unha nota igual ou superior a 5 na terceira avaliación poderá recuperala mediante a realización dunha proba que versará sobre os contidos correspondentes á avaliación ou avaliacións suspensas. Para poder superar a materia na avaliación final será necesaria unha cualificación igual ou superior a cinco. O exame levará sinalado o valor numérico de cada cuestión. Puntúase sobre 10 e aplicaranse as penalizacións que se recollen na programación con relación a presentación, ortografía, caligrafía, coherencia e cohesión textual (expresión).

As medidas de reforzo educativo adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades do alumno/a.

6. Medidas de atención á diversidade

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas poñendo os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas orientáanse a acadar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todas os individuos, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este principio establece que todos os/as estudantes, sexa cal sexa a súa condición persoal, dispoñan na súa contorna educativa das condicións necesarias de acceso a unha formación integral e outorgue experiencias de aprendizaxe significativas para todos e todas.

Neste sentido, faise preciso establecer medidas, metodoloxías e compoñentes que permitan ao profesorado abordar con garantías a diversidade das súas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes elementos:

- Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e á súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmos.
- Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e a permitir o seu desenvolvemento individual.
- Deseño de programas específicos reforzo e ampliación destinados a mellorar as posibilidades de alcanzar os obxectivos da etapa.
- Realización de proxectos significativos para o alumnado. O deseño de tarefas e proxectos de traballo deben basearse en contextos auténticos e recoñecibles para resultar significativos e deben ter en conta as vivencias particulares do alumnado (como, por exemplo, os oficios locais, as materias primas e a toponimia). Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada adolescente teña os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse cos demais. A través do diálogo e da interacción entre o alumnado, contribuírse a desenvolver a capacidade de participar activamente nun equipo, a reflexión sobre as propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.
- A resolución de problemas e conflitos en colaboración e a toma de decisións baseadas en xuízos morais, co fin de contribuír á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento, utilizar o razoamento e analizar criticamente os problemas sociais e históricos.
- A gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento das capacidades e dos contidos deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma. A gradación entre cursos non se establece principalmente mediante a distribución diferenciada de contidos, senón en función da diferente complexidade dos textos, das habilidades de comprensión ou expresión requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - ET.1.- Prevención e resolución pacífica de conflitos.	X							
ET.2 - ET.2.- Educación cívica e en valores.				X				X
ET.3 - ET.3.- Formación estética.				X				X
ET.4 - ET.4.- Igualdade entre mulleres e homes.				X				X
ET.5 - ET.5.- Respetto mutuo e cooperación entre iguais.								
ET.6 - ET.6.- Liberdade de expresión.				X				X
ET.7 - ET.7.- Fomento do espírito crítico e científico.				X				X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - ET.1.- Prevención e resolución pacífica de conflitos.			X	
ET.2 - ET.2.- Educación cívica e en valores.				X
ET.3 - ET.3.- Formación estética.				X
ET.4 - ET.4.- Igualdade entre mulleres e homes.				X
ET.5 - ET.5.- Respecto mutuo e cooperación entre iguais.			X	
ET.6 - ET.6.- Liberdade de expresión.			X	X
ET.7 - ET.7.- Fomento do espírito crítico e científico.				X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita de autores e autoras.	Esta actividade posibilita que o alumno coñeza de primeira man os recursos que os autores utilizan ao elaborar unha obra literaria. Permite que os estudantes/as participen en debates e coñezan as motivacións que levan aos escritores a crear obras de arte.	X	X	X
Celebración de efemérides como o día do libro.	Coa celebración destas datas, o alumnado participará nun concurso de escritura creativa.		X	
Elaboración de booktráilers con recomendacións lectoras.	É idónea para abordaro fomento da lectura e a exposición de contidos realizada entre iguais. Ademais, as recomendacións realizadas polo propio alumnado espertarán máis interese entre os estudantes.	X	X	X
Obradoiros de escritura creativa.	Este obradoiro permitirá achegarnos a linguaxe desde un enfoque máis vivencial.	X	X	X
Visionado de películas.	O visionado de películas é un excelente vehículo para completar e enriquecer as aprendizaxes do noso alumnado. Podemos visionar filmes baseados nalgúns libros vistos en clase.	X	X	X
En busca da noticia.	Na sociedade actual, o alumnado debe coñecer a linguaxe dos medios de comunicación. Esta actividade permite que se acheguen a este medio e que, a través dunha proposta de aula, se convertan por un tempo.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A planificación e distribución do tempo asignado a cada tarefa é axeitada.
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...)
Realízanse as actividades complementarias programadas.
Explicáronse e corríronse na aula as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas.
Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados.
Puxéronse en práctica medidas para estimular o hábito lector.
Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.
Metodoloxía empregada
Ao comezo de cada unidade, infórmase ao alumnado sobre os obxectivos propostos, as competencias que se van a desenvolver, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.
Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.
Ao comezo do desenvolvemento de cada unidade, proporciónase ao alumnado un cadro sinóptico ou mapa conceptual do tema para orientalo sobre a evolución do seu proceso de ensino-aprendizaxe.
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado, vinculándose cos seus intereses e necesidades, e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.
As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo), favorecendo a adquisición das competencias clave.
Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción...
Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.
Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probas, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...)
Medidas de atención á diversidade
Desenvolvéronse as medidas de atención á diversidade necesarias aos alumnos que así o requiren.
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propoñendo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.
Deséñanse e aplícanse actividades de ampliación e afondamento para o alumnado que acade de maneira significativa os obxectivos propostos.
Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa ou coa materia pendente de cursos anteriores.

Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución do éxito escolar.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a

comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e

procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións

precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e

da consecución dos obxectivos establecidos. Ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de

departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

-A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todos os integrantes do departamento.

-A programación didáctica especifica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.

-Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.

-Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.

-As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.

-A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.

-A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.

-A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuados ao perfil, características e necesidades do alumnado.

-A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.

-A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o

caso, a data de inicio e final da explicación de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, especificando

as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos

nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas

actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da

metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

9. Outros apartados